

Resolución do 21 de xuño de 2022 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se amplía o prazo de solicitude de desenvolvemento dos ciclos formativos plurilingües para o curso 2022-2023 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Por Resolución do 9 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües para o curso 2022- 2023 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia estableceuse a forma e prazo de presentación de solicitudes para o desenvolvemento dos ciclos formativos plurilingües no curso 2022-23.

O 21 de xuño de 2022 publicáronse no Diario Oficial de Galicia as distintas ordes polas que se actualiza a oferta formativa de formación profesional nos distintos réximes e modalidades:

- Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23.

- Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se actualiza a oferta modular de formación profesional do sistema educativo polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23.

- Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se actualiza a oferta de formación profesional dual en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23; que actualizan a oferta de ensinanzas de formación profesional para o curso 2022/23.

Unha vez autorizada a oferta educativa para o curso 2022-2023, é preciso, no marco da planificación educativa, permitir aos centros educativos que realicen novas solicitudes para participar no desenvolvemento dos ciclos formativos plurilingües para o curso 2022-2023.

Por todo isto, esta dirección xeral,

DISPÓN:

Modificar o prazo de presentación establecido na disposición Décimo segundo da Resolución do 9 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües para o curso 2022- 2023 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ampliando este en dez (10) días naturais a contar dende o día seguinte de finalización do prazo de presentación.

Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

Director Xeral de Formación Profesional

